



BOP

LUNS, 14 DE DECEMBRO DE 2020

N.º 286

DEPUTACIÓN DE LUGO

www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 10001 Lugo
Tel: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 203

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

O presente documento estará
exposto no Taboiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 14 DIC. 2020
ata a día 30 DIC. 2020
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27.11.2020 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE RESTAURADOR CONSERVADOR ARQUIVO DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Restaurador/a Conservador/a Arquivo, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical, grupo C, subgrupo C1, correspondente a Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 89, de 20 de abril de 2020; vista a proposta do Tribunal Cualificador; visto que a documentación á que se refire o punto 11.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria figura no seu expediente persoal da interesada, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta

Presidencia, en representación dos Tribunais Cualificadores e de acordo co punto 12.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

D. Alfonso Rodríguez Castro, para ocupar unha praza de Restaurador/a Conservador/a Arquivos número 886, - escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público - EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2017, reservada a promoción interna e o posto de traballo de homónima denominación número 1430.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 10 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3182

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 14 DIC. 2020
ata a día 30 DIC. 2020
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

